



## **Veciñanza demanda unha solución definitiva aos problemas de humidades que mantén o pavillón municipal**

---

*As instalacións foran reformadas en precampaña electoral polo Partido Popular cun custe de máis de 50.000 euros.*

---

Cuntis, 6 de novembro de 2015. Nos últimos días, foron varios/as os usuarios/as do Pavillon Municipal de Cuntis os/as que nos fixeron chegar as súas queixas a respecto da imposibilidade de usar estas instalacións por mór das humidades. Varias veces nas últimas semanas víronse obrigados/as a interromper a súa actividade por este motivo, que fai que a práctica deportiva se convirta en moi perigosa na pista.

Cómpre lembrar que no mes de abril deste mesmo ano, o anterior goberno local, liderado polo *popular* Antonio Pena, adxudicaba a reforma da cuberta desta infraestrutura coa finalidade de garantir plenas condicións de seguridade no seu interior. Gastáronse máis de 50.000 euros e promocionouse como a solución para rematar coas pingueiras e humidades que obrigaban a pechar o recinto con certa frecuencia nos meses en que a choiva era máis persistente. Deste xeito, os problemas que presentaba o pavillón municipal "*tiñan os días contados*", afirmaban os responsábeis locais daquela.

Seis meses máis tarde e 50.000 euros despois, unhas instalacións tan usadas polos veciños e veciñas de Cuntis manteñen os mesmos problemas que antes. É preciso demandar unha solución inmediata. O actual Grupo de Goberno debe aclarar que acontece e se a obra foi executada como era debido. O certo é que as queixas de usuarios/as volven repetirse coa chegada das choivas e a reclamación dunha solución urxente a un problema vello é masiva. Dende Veciñanza instamos ao Sr. Alcalde a que pida as explicacións oportunas (a quen corresponda) e ofrezca unha solución para que as instalacións poidan ser empregadas polos veciños/as tamén nos días de choivas e humidades e en condicións de plena seguridade.